



III TORNEO DE REIS 2021

Martes 5 de xaneiro. Centro Galego de Tecnificación Deportiva, Pontevedra

Organizan: Club Atletismo Rías Baixas, Concello de Pontevedra

Colaboran: Grupo Jim Sports, Dibay Eventos, CGTD, FGA.

PROGRAMA: **Modificacións 2**

C.Ch.	Hora	Proba	C.Ch.	Hora	Proba
10:03	10:10	3.000m. Fem S18 ata Mt A	11:30	12:05	Peso 6kg. Masc. Sub20
9:55	10:30	Lonxitude Fem S14 ata S18			Peso 7,26kg. Masc. S23-Sn-Mt
10:23	10:30	3.000m. Fem. S18 ata Mt B	11:35	12:10	Lonxitude Masc. S12-S14
10:00	10:35	Peso 3kg. Fem. S16-S18	12:08	12:15	200m. Fem. Absoluta Final A
		Peso 4kg. Fem. S20 ata Mt	12:14	12:21	200m. Fem. Absoluta Final B
10:43	10:50	1.500m. Masc. Abs. Final A	12:20	12:27	200m. Masc. Absoluta Final A
10:53	11:00	1.500m. Masc. Abs. Final B	12:26	12:33	200m. Masc. Absoluta Final B
11:03	11:10	1.000m. Fem. S14 Final A	12:40	12:55	60m.v. Masc. Sub18
11:11	11:18	1.000m. Fem. S14 Final B	12:55	13:10	60m.v. Fem. S16 Final A
11:19	11:26	1.000m. Mas. S14 Final A	13:05	13:20	60m.v. Fem. S16 Final B
11:25	11:32	1.000m. Mas. S14 Final B	13:19	13:26	60m. Fem. Sub12 Final A
11:40	11:47	300m. Fem. S16 Final A	13:24	13:31	60m. Fem. Sub12 Final B
11:46	11:53	300m. Fem. S16 Final B	13:29	13:36	50m. Fem. Sub10 Final A
11:52	11:59	300m. Masc. S16 Final A	13:34	13:41	50m. Fem. Sub10 Final B
11:58	12:05	300m. Masc. S16 Final B	13:39	13:46	50m. Masc. Sub10 Final A
			13:44	13:51	50m. Masc. Sub10 Final B

- ✓ Restrinxirase o acceso do público. Según acordó da comisión Covid-19 da FGA, poderán acreditarse un representante do Clube (Delegado ou Entrenador); entre 10 e 20 atletas dun Clube, 1 delg. e 1 entr.; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 entr.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 entr.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 entr. Entrenadores con licenza en vigor. Enviar solicitude ao correo electrónico ateriasbaixas@gmail.com, ata o domingo 3 xaneiro. Unha vez rematada a súa función prégame que abandonen a instalación, (tamén os atletas). **Emisión en directo:** <https://youtu.be/ieYOPTThQzv4>
- ✓ O quecemento realizarase SEMPRE de forma individual e coa máscara posta.
- ✓ **Inscripcións** na extranet da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata o venres 1 de xaneiro.**
- ✓ Non poderá haber ninguén rodeando a pista, soamente na grada (sentados) ou na zona de quecemento.
- ✓ **LÍMITE DE PARTICIPACIÓN:** 16 atletas nas carreiras, no 60m.v. homes 8; 8 na lonxitude e 4 en cada peso nos lanzamentos. Admitiranse por marcas do ranking 2020, nas carreiras 8 atletas, no 60m.v. homes 4; (terase tamén en conta os rexistros en distancias próximas e resultados en campo a través); nos concursos dúas marcas de cada categoría (lonxitude) ou peso en kg. (lanzamento). Para os outros admitidos a organización poderá invitar a atletas e para os restantes establécese **un sorteo**, con prioridade aos atletas sen marcas en 2020, que se publicará a través da canle de Youtube do Club Atletismo Rías Baixas; se non chegan os atletas con rexistros, ampliaranse os integrantes no sorteo. (Pode retrasarse a publicación dos admitidos).
- ✓ Na Cámara de Chamadas recollerase o dorsal no momento de cada proba e entregárase a Declaración Responsable asinada. Non se entregarán alfinetes.
- ✓ As notificacións de baixas ata o 3 de xaneiro ao correo: ateriasbaixas@gmail.com
- ✓ A competición poderá suspenderse en función da situación sanitaria.



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN III TORNEO DE REIS 2021

Pontevedra, martes 5 de xaneiro de 2021

2

Detállanse as medidas a ter en conta para que a competición se desenvolva dentro dos criterios sanitarios evitando así situacións de posibles contaxios da COVID-19; según o estipulado pola Secretaría Xeral para O Deporte na súa resolución de 15 de xuño de 2020, publicada no DOGA o 19 de xuño; as diferentes resolucións da Xunta de Galicia de medidas de prevención; o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo e o Protocolo básico de actuación do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD).

O acceso a instalación farase pola entrada principal do CGTD; os atletas poderán acceder tamén polo portalón da rúa José Malvar e Figueroa. O ingreso farase aportando a Declaración Responsable do Protocolo para previr a Covid-19, asinada. Os atletas entregarán a Declaración asinada na Cámara de Chamadas e o resto de persoal na entrada principal.

Manterase en todo momento a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo as indicacións do persoal do Centro e a sinalética posta ao efecto (haberá persoal da organización para o control do acceso). Accedendo a grada a través do Espazo Aberto interior (parte sur) e abandoando a grada polo pasillo interior (parte norte); non podendo circular ningún en sentido contrario a este circuito.

Restrinxirase o acceso ao público. Ademais do persoal imprescindible (atletas, xuíces, organización) e según acordó da comisión Covid-19 da FGA, poderán acreditarse un representante do Clube (Delegado ou entrenador); entre 10 e 20 atletas dun Clube, 1 delegado e 1 entrenador; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 entr.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 entr.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 entr. Entrenadores con licenza en vigor. **Unha vez rematada a súa función prégame que abandonen a instalación, (tamén os atletas).** Enviar solicitude ao correo electrónico atleriasbaixas@gmail.com remata o prazo o domingo 3 de xaneiro. **A competición retransmitirase por Internet, a través do canle de Youtube do Club Atletismo Rías Baixas.**

Soamente se poderá estar na grada ou nas zonas sinaladas; na grada estarase sempre sentado, coa máscara posta correctamente e non se poderán mover do seu sitio, salvo causa xustificada, (haberá persoal da organización para controlar estas indicacións).

Os fotógrafos, ca debida acreditación, poderán acceder a pista, mantendo sempre a distancia de seguridade; dé selo caso, a organización decidirá onde se poñen os fotógrafos.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estén competindo, según o estipulado no Protocolo da FGA. O persoal da organización informará constantemente do uso da máscara e o mantemento da distancia interpersoal de 1,5 metros.

Na contra recta habilitarase a cámara de chamadas e zona de quecemento. Se abrirá o portalón de acceso a rúa José Malvar e Figueroa para que os atletas poidan saír a quentar ou entrar para acceder a cámara de chamadas, (porase eiquí persoal para o control de acceso), **xunto con un vixiante de seguridade para o control das persoas fora da instalación. O quentamento farase coa máscara posta.** O acceso a cámara de chamadas dende a grada farase polo pasillo entre a pista e o edificio da Residencia do CGTD. Para abandoar a cámara de



chamada ou ben polo portalón ou polo pasillo entre o edificio do ximnasio e centro médico e a pista. Non se poderá nas medias lúas en outra dirección, salvo a indicada.




O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso a ela en cada proba, (entregarase eiquí a Declaración de Responsabilidade polo atleta, asinada). Respetando a distancia de seguridade cos xuíces e persoal, a cargo do reparto e certificar o cumprimento do trámite da cámara de chamadas, que se servirá de luvas e líquido hixienizante.

Para poder competir é necesario asinar a Declaración de Responsabilidade que establece o protocolo da FGA.

O atleta sairá da cámara de chamadas coa máscara posta; nas carreiras a organización proporcionará unha máscara, se o atleta a precisa, xa que ésta será desechada nun punto limpo, susto antes do comezo de cada carreira, cando o xuíz dea a orde de “aos seus postos”, (persoal dá organización recollerá as máscaras cun recipiente por rúa). As carreiras serán todas por rúas, menos no medio-fondo que será parcialmente por rúas determinadas. Nos concursos o atleta terá a súa disposición unha cadeira na zona de competición e todos terán a máscara posta a excepción do que faga un intento, de quecemento ou na competición. (Cando o atleta inicia a carreira do seu intento, o seguinte atleta poderá quitar a máscara para preparar a súa quenda).

Haberá luvas, máscaras e líquido desinfectante e xel hixienizante: na cámara de chamadas, na saída das carreiras, na meta, na grada, nos accesos a instalación, na zona de premiación, nas zonas de Concursos e as zonas que requiran a organización e os xuíces para a súa labor.

Todo o material que se comparta estará debidamente desinfectado antes do seu uso por outra persoa.



CROQUIS DO MOVEMENTO DAS PERSOAS NA GRADA.

Nota: Para ir da grada a cámara de chamadas, irase polo pasillo interior ata o Espazo Aberto e de alí á cámara de chamadas.



Tanto o foso de lonxitude como a zona de lanzamento de peso serán debidamente desinfectadas durante a competición por persoal voluntario. Habrá produto desinfectante para ámbolos dous lugares.

No protocolo de premiación establecerase sempre coa distancia interpersoal de seguridade; a entrega de calquer material ou flores farase sendo o propio atleta o cá recolla. Non haberá saudos mediante contacto físico. Habrá produto desinfectante para as saídas das carreiras.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

Para o uso de vestiarios e baños do Centro, estarase ao que dispoñan as normas e o persoal do Centro.

Aos espazos reservados para a organización da competición como: Secretaría, cámara de chamadas, zona de quecemento, zona de competición ou calquera espazo delimitado; so poderá acceder o persoal autorizado.

Para o desenvolvemento da propia competición seguirase o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo: <http://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/07/Protocolo-FGA-21072020-WEBATL.GAL.pdf>

Especialmente que non pode participar quen competa ao menos 7 días antes.

Os que veñan a competir dende fora de Galicia, é obrigado que todos os integrantes realicen test serolóxicos ou probas similares e comunicar o desprazamento a Xunta de Galicia enchendo o formulario web: <https://desprazamentos-deportivos.xunta.gal/formulario-desprazamentos-deportivos>. Mais información na web: <https://desprazamentos-deportivos.xunta.gal/portada>

No caso de que no transcurso da competición unha persoa teña sintomatoloxía do virus SARS-CoV2, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde ao teléfono: 900 400 116; en caso grave ao 061. Neste senso considérase sintomatoloxía do virus SARS-COV2: febre, tose seca e cansanzo.

Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, dor de cabeza, diarrea, conjuntivitis, perda do gusto ou olfacto, sen conestión nasal; erupcións cutáneas ou perda da cor nos dedos das mans e dos pés; e dores musculares. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

En caso de detección dun positivo por COVID-19, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá de procederse ao aillamento nun local pechado, á colocación de máscara hixiénica ou cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

É importante para evitar situación de risco de contaxio: levar máscara posta, manter a distancia mínima de 1,5 metros entre persoas, non tocar cas mans a cara ou superficies



susceptibles de ter carga vírica (pomos, interruptores, mesas, manillas, pasamáns); e limpar frecuentemente as mans con auga e xabón.

5

O persoal da organización informará constantemente destas normas.

O incumprimento destas normas se porá en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou multa.

Nota: Se no momento da competición están en vigor restricións de mobilidade e/ou de agrupacións de persoas, no Concello de Pontevedra, debido ao Estado de Alarma; estas restricións non serán aplicables nunha competición federada xa que o Protocolo “Fisicovid – DXT Galego” regula as medidas para que se produzan agrupacións de persoas de maneira segura.

Para os eventos federativos a excepción, nas restricións de mobilidade, se xustifican no Decreto 178/2020 da Xunta de Galicia, aplicando seu artigo dous, punto b) (Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais ou legais), e k) (Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada).

PERSOAL VOLUNTARIO

- 2 voluntarios no vestíbulo de entrada.
- 2 voluntarios na grada.
- 2 voluntarios na cámara de chamadas.
- 1 voluntario no portalón de acceso a rúa José Malvar e Figueroa, xunto cun vilante xurado.
- 1 voluntario na meta.
- 1 voluntario na saída de cada carreira.
- 1 voluntario na premiación.
- 2 voluntarios no concurso de salto horizontal.
- 2 voluntarios no concurso de lanzamento de peso.

CARTELERÍA A UTILIZAR

- Información as persoas da grada.
- Sentido único de circulación de persoas e acceso aos diferentes espazos.
- Delimitación de espazos.
- Información a persoas na cámara de chamadas.
- Marcas no chan de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Usar sempre a máscara.

Usar sempre a máscara, distancia de seguridade, lavar as mans.

DISPOSICIÓN DA PISTA DE ATLETISMO: ESPAZOS IMPORTANTES E MOVIMENTO DAS PERSOAS, OBRIGADOS POLA COVID-19

